

Concello de Mugar dos
(A Coruña)

5/2021. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 28 DE ABRIL DE 2021.

Sendo as dezanove horas e trinta e un minutos do día 28 de abril do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrándose a mesma de xeito telemático debido a que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións plenarias, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 403/2021, de data 22.04.2021; sesión que se leva a cabo baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras, e para a que previamente se teñen identificado tódolos integrantes do Pleno da Corporación, atopándose todos eles en territorio español. Asiste tamén, a distancia, a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña, que previamente se ten identificado, atopándose tamén en territorio español.

Actúa como secretario, D. Miguel Piñeiro Souto, Secretario do Concello de A Laracha, A Coruña, autorizado ao desempeño do posto de Secretaría do Concello de Mugar dos, en réxime de acumulación, mediante Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de data 05.04.2021, facéndose constar que tódolos concelleiros/as asistentes atópanse acreditados e perfectamente identificados polo que reúnen os requisitos para poder participar, mediante conexión por medios telemáticos, na presente sesión plenaria.


Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 31.03.2021 (4/2021).

15 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e sométese a votación o mesmo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 31.03.2021 (4/2021).



Concello de Mugaros
(A Coruña)

2.- ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE PRAIAS. APROBACIÓN PROVISIONAL.

35 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

44 s: Polo sr. Mahía Prados infórmase dos trámites seguidos para a elaboración da ordenanza.

1 min 29 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á proposta que se somete á consideración do Pleno, e dado que ningún concelleiro/a solicita a palabra no presente punto da orde do día somete o asunto a votación.

Visto o informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a aprobación da Ordenanza municipal reguladora de praias do Concello de Mugaros.

Tendo en conta a consulta previa de conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas.


Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá, de data 31.03.2021, así como a proposta formulada pola Alcaldía en data 27.04.2021, obrante no expediente, o Pleno da Corporación, por 9 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 1 BNG) e 4 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN), acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora de praias do Concello de Mugaros segundo o texto que figura no ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá de data 31.03.2021, obrante no expediente.

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

3.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEMP SOBRE A PARTICIPACIÓN DOS GOBERNOS LOCAIS NA RECONSTRUCCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DE ESPAÑA.

3 min 00 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá lectura aos acordos que se propoñen por parte da FEMP e dado que ningún concelleiro/a solicita a palabra no presente punto da orde do día somete o asunto a votación.

Sometida a votación a “Declaración institucional da FEMP sobre a participación dos gobernos locais na reconstrucción económica e social de España”, o Concello Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á Declaración institucional aprobada pola FEMP sobre a participación dos gobernos locais na reconstrucción económica e social de España; declaración institucional que foi aprobada nos termos que de seguido se indican:

- “1. As Entidades Locais deberán recibir o 15 por cento dos fondos que as Comunidades Autónomas recibirán de Europa -Fondos REACT- EU-, e do Goberno de España en axudas directas para PEMES e Autónomos, 15.000 millóns de euros, unha vez descontados os gastos de sanidade.*
- 2. A distribución destes fondos aos Concellos determinarase en función da poboación, cunha fórmula ad hoc para as Deputacións, Cabidos e Consellos insulares.*
- 3. Solicitar a participación das Federacións Territoriais de Municipios, Provincias e Illas, para que se dirixan ás súas correspondentes Comunidades Autónomas en demanda desta esixencia.*
- 4. Trasladar o acordo a todas as Entidades Locais, ás CCAA e ao Goberno de España.”*

4.- MOCIÓN PRESENTADA POR UNIDAD COESPE, QUE FAI SÚA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG, EN RELACIÓN COA PRESTACIÓN POR PARTE DAS ENTIDADES FINANCEIRAS DUN SERVIZO ADECUADO AOS USUARIOS.

4 min 40 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao relator da moción.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

4 min 57 s: Polo sr. Varela Filgueiras faise unha exposición dos motivos polos que o seu Grupo Municipal asumiu a presentación da moción así como dos motivos que deron orixe á presentación da mesma.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

9 min 15 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e dado que ningún concelleiro/a solicita a palabra no presente punto da orde do día somete o asunto a votación.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada por Unidad COESPE, que fai súa o Grupo Municipal do BNG, en relación coa prestación por parte das entidades financeiras dun servizo adecuado aos usuarios, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Pedir que as entidades financeiras reforcen os recursos para poder ofrecer un servizo adecuado durante todo o horario de oficina para cubrir as necesidades dos usuarios. En especial á xente maior que non pode acceder ás xestións en liña e vese abocada a situacións penosas cando é o momento de acceder ás oficinas bancarias.

SEGUNDO.- Pedir un servizo de calidade especializado en atención aos usuarios, para poder dar resposta ás diferentes necesidades de cada usuaria e usuario.

TERCEIRO.- Instar as entidades bancarias a dar a información adecuada, legal e transparente sobre os servizos e produtos que ofertan ás persoas.


CUARTO.- Convir coas entidades bancarias deste municipio a súa implementación inmediata, e dar traslado desta proposta á Federación de Municipios, á Asociación de municipios, ao Consello Comarcal se o houber e a outras administracións supra municipais que conveñan.

5.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO DE 2020.

10 min 12 s: Polo sr. Alcalde dase conta da liquidación do orzamento do exercicio de 2020.

O Pleno da Corporación dase por informado da liquidación do orzamento do exercicio de 2020, segundo documentación obrante no expediente, a cal foi aprobada pola Resolución da Alcaldía núm. 170/2021, de data 22.02.2021, tal e como de seguido se transcribe:

“Asunto: APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2020
Rematado o exercicio económico de 2020, e unha vez elaborados os estados demostrativos relativos á liquidación do Orzamento do exercicio de 2020 seguindo os principios e normas recollidos na Instrución de contabilidade vixente, e con suxeción ás normas previstas nos artigos 191 a 193 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e 89 a 105 do Real Decreto 500/1990



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Visto que se procedeu pola Intervención a emitir informe sobre a liquidación do orzamento 2020, no que se alude aos estados que a compoñen, e as magnitudes que en virtude de éstos se determinan, con data 22.02.2021.

Visto que se emitiu o Informe de Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e o informe de avaliación da regra do gasto, e do límite da débeda con data 22.02.2021.

E visto que segundo o disposto no artigo 191.3 do TRLRFL e no 90.1 do RD 500/1990, a aprobación da liquidación corresponde o alcalde, competencia que se atopa delegada no Concelleiro Delgado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá mediante Resolución de Alcaldía número 1109/2020 do 17.02.2020, previo informe da intervención, resolvo:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Mugardos correspondente ao exercicio de 2020, que ten os seguintes resultados:


1. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	5.909.075,56
2. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	6.644.777,48
3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO(1-2)	-735.701,92
4. CREDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (+)	868.301,38
5. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN NEGATIVAS DO EXERCICIO (suman)	716.310,14
6. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN POSITIVAS DO EXERCICIO (restan)	343.937,44
7. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3+4+5-6)	504.972,16

FONDOS LÍQUIDOS		1.682.971,09
DEREITOS PENDENTES DE COBRO		2.665.064,35
+De orzamento corrente	962.247,74	
+De orzamentos pechados	1.591.182,82	
+De operacións non orzamentarias	111.633,79	
-OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		990.694,44
+De orzamento corrente	678.043,19	
+De orzamentos pechados	66.206,47	
+De operacións non orzamentarias	246.444,78	
PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN		-312.322,87
- Cobros realizados pdtes. de aplic.definitiva	345.991,58	
+Pagos realizados pdtes. de aplicación definitiva	33.668,71	
=REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL		3.045.018,13
-SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		1.374.183,23
-EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA		235.965,73
=REMANENTE DE TESOURERIA. PARA GASTOS XERAIS		1.434.869,17

Mugardos, asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.”

6.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 310/2021.

10 min 18 s: Polo sr. Alcalde dase conta da resolución número 310/2021.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

O Pleno da Corporación dáse por informado da resolución da alcaldía que de seguido se relaciona:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 310/2021, de data 29.03.2021**, sobre delegación de funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde.

7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 292/2021 Á 401/2021, AMBAS INCLUSIVE.

10 min 32 s: Polo sr. Alcalde dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 292/2021 á 401/2021, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 292/2021 á 401/2021, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

10 min 44 s: Polo sr. Alcalde dase comezo á quenda de rogos e preguntas; quenda que dará comezo cos rogos e preguntas formulados polo sr. Varela Filgueiras.

11 min 20 s: Polo sr. Varela Filgueiras formúlase un rogo relativo á sinatura inminente dos convenios coas asociacións e outro relativo a que polo goberno se fale coas asociacións do Concello para recabar información ou solicitar suxestións ao respecto do desenvolvemento das actividades culturais do verán. De seguido, polo sr. Varela Filgueiras fórmulanse as dúas preguntas de resposta oral, a primeira das cales sobre si o goberno ten tomado algunha medida para solucionar os problemas do servizo do comedor escolar, postos de manifesto por parte da ANPA e por parte das nais e pais das crianzas, e de ser o caso en que consisten estas medidas, e a segunda ao respecto de cal é a intención do goberno para solucionar as inundacións que se producen na Rúa Pixigo e no Cano da Rúa e que tempo contempla para a súa execución.

13 min 11 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. Roldós Iglesias.

13 min 26 s: A sra. Roldós Iglesias di que tra-la supresión da Festa do Polbo se acordou coordinar as accións culturais do verán coa hostalaría e que tamén se fala con tódalas sociedades non só de cara ao verán.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

14 min 57 s: O sr. Varela Filgueiras pregunta que como o que formulara fora un rogo entende que os rogos non dan lugar a debate e que entón non pode contestar.

15 min 03 s: O sr. Alcalde resposta ao sr. Varela Filgueiras que xustamente é así e de seguido dalle a palabra ao sr. Mahía Prados.

15 min 12 s: O sr. Mahía Prados explica os motivos polos cales aínda non se puideron asinar os convenios pendentes coas asociacións.

16 min 01 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. Varela Bastida.

16 min 21 s: A sra. Varela Bastida da conta dalgunhas das queixas formuladas polas nais e pais ao respecto do servizo do comedor escolar, e sinala que en canto ao funcionamento do comedor séguense as recomendacións dos nutricionistas, dos pediatras e dos psicólogos. De seguido, a sra. Varela Bastida dá conta dalgunhas das queixas formuladas pola ANPA e das medidas que se están a adoptar ao respecto dende o Concello.

20 min 33 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Varela Filgueiras.

20 min 41 s: O sr. Varela Filgueiras di que hai queixas que parece que son comúns a tódolos usuarios e que ademais os mandan para fóra, para a carpa, e que entende que si tanto os pais como as nais como a ANPA están a presentar queixas é porque o comedor non está a funcionar ben.

22 min 40 s: A sra. Varela Bastida di que os nenos cando saían fóra era porque xa estaban comidos, pero que este tema xa foi solucionado.

23 min 42 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Kuntz Peiteado.

23 min 50 s: O sr. Kuntz Peiteado di que a problemática das inundacións xa ven dende o ano 2018, e de seguido indica as causas polas que se produciron as dúas derradeiras inundacións e sinala que aos efectos de darlle unha solución a esta problemática xa se ten encargado un proxecto para levar a cabo as obras do saneamento da Avenida de Galicia; proxecto este que podería incluírse nun Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial de A Coruña.

26 min 50 s: O sr. Varela Filgueiras di que cando menos xa houbo tres inundacións e que antes non se producían, polo que habería que intentar solucionar este problema, e sinala que o BNG cando ve que as obras son necesarias trata de apoialas. E remata preguntando si a solución do problema queda a expensas da execución da obra da Avenida de Galicia.

28 min 45 s: O sr. Alcalde di que si o sr. Varela Filgueiras ten algunha proposta que acurte os prazos para solucionar o problema a pode poñer encima da mesa, porque a solución



Concello de Mugardos
(A Coruña)

global pasa por facer a obra da Avenida de Galicia, obra que non é sinxela e que ten un custo de 400.000 euros.

30 min 55 s: O sr. Varela Filgueiras di que el só estaba a facer unha pregunta e non a debater sobre a cuestión, debate que chegado o caso debería de darse en comisión, e que si a resposta é que é necesario facer a obra da Avenida de Galicia a solución do problema non podería ser inminente.

31 min 34 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. Ruiz del Ganzo, aos efectos de que por esta se formulen os rogos que se estimen oportunos.

31 min 53 s: A sra. Ruiz del Ganzo expón diversas problemáticas que teñen xurdido durante o curso escolar, en canto ao servizo do comedor escolar, e roga que se teña en conta aos pais e á ANPA e se escoiten as súas peticións, que se leven os escritos presentados á comisión correspondente para poder estudalos máis polo miúdo e que se intente darlle unha solución as diferentes problemáticas.

33 min 35 s: O sr. Alcalde explica as circunstancias nas que se tivo que prestar o servizo do comedor escolar durante este curso por mor da evolución da pandemia e das diferentes normativas sanitarias que foron xurdindo, e de seguido manifesta a súa opinión en canto á comida e a limpeza do comedor. E remata dicindo que non se trata de grandes problemas, e que polo tanto son subsanables e que se recollerán as iniciativas presentadas e se intentará seguir mellorando o servizo.

37 min 18 s: A sra. Rúiz del Ganzo di que cando se trata de moitas queixas habería que escoitalos e atendelos e así intentar mellorar o servizo.

38 min 05 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. Varela Bastida.

38 min 14 s: A sra. Varela Bastida di que está de acordo en intentar axudar e mellorar, pero que queixas dos nenos que comen hai dúas.


38 min 59 s: A sra. Ruiz del Ganzo di que o problema está aí e que nas nosas mans está falalo, e que algo non está funcionando ben porque hai moitas queixas.

39 min 16 s: A sra. Varela Bastida di que a ela non lle chegaron as queixas.

39 min 20 s: A sra. Ruiz del Ganzo di que si chegaron unhas cantas queixas entende que o problema hai que miralo, máxime cando a ANPA tamén se uniu para presentalas.

39 min 54 s: A sra. Varela Bastida di que a ANPA non fala nada diso.

39 min 57 s: A sra. Ruiz del Ganzo di que o problema ben dende decembro ou xaneiro, e que polo tanto roga que o teñan en conta e que se mire.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

40 min 28 s: O sr. Alcalde di que si algún pai ten algunha queixa fundamentada poden poñerse en contacto co goberno a través da diversas canles existentes e de seguido dalle a palabra ao sr. Martínez Bardanca.

42 min 38 s: O sr. Martínez Bardanca di que en canto á liquidación do orzamento do ano 2020 non puido dicir nada no punto da orde do día porque se pasaron moi rápido os puntos 5, 6 e 7, e di que polo tanto manifestará a súa opinión ao respecto cando veñan os novos orzamentos. De seguido, e ao respecto das inundacións do Cano da Rúa, sinala que foi o Partido Socialista o que formulou un rogo no Pleno de outubro e despois foi a unha comisión en novembro e se decidiu pedir un proxecto. A continuación, o sr. Martínez Bardanca formula un rogo relativo a que si foi o Pleno o que acordou que se adherise o Concello ao convenio do punto limpo que tamén sexa o propio Pleno o que acorde non adherirse ao mesmo.

46 min 14 s: O sr. Alcalde di que os puntos da orde do día que se pasaron un pouco rápido foi porque son puntos de dar conta e non de debate, e de seguido di que o goberno non tomou aínda ningunha decisión ao respecto de non adherirse ao convenio do punto limpo, e tras expoñer a situación na que se atopa a tramitación do citado expediente, indica que unha vez se cumprimenten os trámites preceptivos se traerá novamente ao Pleno o expediente.


51 min 18 s: O sr. Martínez Bardanca di que entende, tralo exposto polo sr. Alcalde, que o expediente se traerá novamente a Pleno unha vez se dispoña dos informes preceptivos, e de seguido di que a sinatura do convenio levouse a cabo no día de onte. Para rematar reitera que o seu rogo é que en caso de que se queira revogar a adhesión que se traia o expediente ao Pleno.

52 min 26 s: O sr. Alcalde di que este asunto é unha competencia do Pleno e que lle dará a máxima transparencia ao mesmo, levándose toda a documentación obrante no expediente á comisión correspondente. De seguido, o sr. Alcalde dalle a palabra ao sr. Mahía Prados.

53 min 38 s: O sr. Mahía Prados intervén para reiterar que o informe de intervención é un informe vinculante e sen ese informe non se pode saber nin o custo que tería o servizo para as arcas do Concello de Mugardos nin si o servizo sería viable. E remata dicindo que unha vez se dispoña do citado informe se levará o asunto á comisión correspondente.

56 min 53 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. González Lorenzo.

57 min 05 s: A sra. González Lorenzo di, no que respecta ao tema do comedor escolar, que polos pais e nais se teñen presentado por rexistro cinco escritos ademais do presentado pola representante da ANPA, e roga que se faga unha comisión exclusiva polo tema do comedor escolar e que conte coa presenza dos representantes da ANPA, para así non entrar nestas descalificacións ou dimes e diretes, indicando, así mesmo, que no informe da ANPA



Concello de Mugardos
(A Coruña)

veñen cousas moi importantes e que tódalas queixas deben de ser escoitadas. De seguido, a sra. González Lorenzo formula un novo rogo, referente a que se leve a cabo a limpeza de toallíñas dos sumidoiros do peirao e do aparato de retención de toallíñas que se puxo para as inundacións.

59 min 19 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. Varela Bastida.

59 min 25 s: A sra. Varela Bastida di que se lles está facendo caso ás queixas e que se está a intentar darlle unha solución a aquelas que teñen solución, e sinala que pola súa parte non se quere desprestixiar a ninguén.

1 h 01 min 26 s: A sra. González Lorenzo reitera que o seu rogo é que se leve o asunto á comisión, coa presenza da ANPA, e que así se evitan os dimes e diretes.

1 h 01 min 50 s: O sr. Alcalde di que no comedor sempre houbo queixas e que cando a sra. González Lorenzo estaba no goberno, e levaba o comedor, nunca fixo unha comisión para discutir as queixas. De seguido o sr. Alcalde quere lembrar que no comedor había dous monitores cando no prego constaban tres, e que a empresa dixo que fora a sra. González Lorenzo a que quixera suspender o monitor. E remata dicindo que se recabarán tódalas queixas que houbo dende que se presta o servizo de comedor e se levarán a unha comisión para discutir sobre o comedor en xeral porque ao mellor non se trata dun problema de agora senón que ao mellor se trata dun problema no que se leva profundizando moito tempo e que agora o servizo está como está.


1 h 05 min 06 s: O sr. Varela Filgueiras di que quere facer unha salvedade e é que o Concello de Mugardos ten un Regulamento Orgánico de Funcionamento e que en aplicación do mesmo no Pleno de hoxe non se lle deu a posibilidade de respostar ao que se lle tiña contestado tra-la formulación do seu rogo, e que ao resto dos grupos políticos si que se lles deixou respostar; e recalca que segundo o regulamento os rogos non dan lugar a debate e por iso el dixo que como os rogos non dan lugar a debate non se lle ía a permitir respostar e que o Alcalde lle contestara que efectivamente era así.

1 h 05 min 53 s: O sr. Alcalde di que o sr. Varela Filgueiras se queixa de que lle dira demasiadas opcións ao resto dos grupos e que entón o terá en conta para que non o poidan facer nos vindeiros plenos.

1 h 06 min 02 s: O sr. Varela Filgueiras di que non se terxiversen as súas palabras.

1 h 06 min 04 s: O sr. Alcalde di que el non terxiversa, que o sr. Varela Filgueiras dixera que lle dera demasiado aos outros grupos.

1 h 06 min 07 s: O sr. Varela Filgueiras di que non lle deixou respostar a el, que a el non lle dera a posibilidade de respostar no rogo.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

1 h 06 min 13 s: O sr. Alcalde di que o sr. Varela Filgueiras dixera que non había máis debate.

1 h 06 min 16 s: O sr. Varela Filgueiras di que el dixo que o regulamento contemplaba que os rogos non daban lugar a debate e que polo tanto non se lle ia a permitir respostar, e que o señor Alcalde tñalle respostado que efectivamente era así.

1 h 06 min 26 s: O sr. Alcalde di que lle pide en todo caso desculpas e que en todo caso despois do que lle dixo xa non haberá máis debate nos rogos.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás vinte horas e trinta e oito minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (video-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=14>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
045377eda2c6f7f24dd12aad19d656abf10121533f704a1872f4294401e82c33

Vº e praxe
O ALCALDE